



Concello de
Paradelá

BANDO SOBRE LIMPEZA DE TERREOS E XESTION DA BIOMASA

DON JOSÉ MANUEL MATO DÍAZ, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA.

FAGO SABER

O Concello de Paradelá aprobou a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIAS DAS PLANTACIONES E XESTION DA BIOMASA DO CONCELLO DE PARADELA, no exercicio 2015.

No seu capítulo II- DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E XESTIÓN DA BIOMASA establécese

Artigo 5.- Limpeza de terreos.

Os PROPIETARIOS E/OU ARRENDADORES DE FINCAS INCLUIDAS EN SOLO URBANO, URBANIZABLE OU DE NÚCLEO RURAL, TEÑEN A OBRIGA DE MANTELAS LIMPAS E DESBROZADAS de todo tipo de vexetación e nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder á súa desinfección e desratización periódica.

Artigo 6.- Actuacións de xestión da Biomasa

De acordo co disposto na Lei 3/2007 os propietarios ou titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos ubicados en solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural, que estean a menos de 50 metros do perímetro do monte deberán mantelos limpos e rozados de vexetación de acordo cos bandos e instrucións ditados pola Alcaldía, e EN TODO CASO ANTES DO 30 DE XUÑO DE CADA ANO.

Esta mesma abriga terán os propietarios ou titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos situados nunha franxa de 50 metros arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais, que estean a menos de 400 metros do monte.

Ademais nos primeiros 30 metros dende o límite da propiedade, non poderá haber especies das sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, agás se trate de árbores singulares, illadas ou que cumpran funcións ornamentais e árbores froiteiras.

Os restos da biomasa deberán ser tratados segundo prevé a normativa legal.

Artigo 7.- Execución subsidiaria.

SE AS PERSOAS RESPONSABLES NON REALIZASEN OS TRABALLOS DE XESTIÓN DA BIOMASA NOS PRAZOS FIXADOS POLO CONCELLO, ESTE PODERÁ LEVAR ADIANTE OS MESMOS, LOGO DO PREVIO APERCIBIMENTO EN FORMA E SEN PREXUIZO DA IMPOSICIÓN, PREVIO A TRAMITACIÓN DO OPORTUNO EXPEDIENTE, DAS SANCIÓNS PROCEDENTES. OS CUSTOS DERIVADOS DESES TRABALLOS SERÁN REPERCUTIDOS, SE É O CASO, AS PERSOAS RESPONSABLES, PROCEDENDO, DE SER O CASO, AO COBRO DOS GASTOS QUE SE OCASIONEN AO CONCELLO A TRAVÉS DO PROCEDIMENTO DE APREMIO.

A lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola lei 7/2012, 28 xuño, de montes de Galicia, no seu artigo 21, regula diversos aspectos, entre os que cabe destacar os seguintes:

As persoas propietarias, arrendatarias e usufrutuarias de terreos forestais e das zonas de influencia forestal, así como titulares ou concesionarias de infraestruturas públicas situadas neles, TEÑEN A OBRIGA DE MANTELO EN CONDICIÓNS que contribúan a previr ou evitar os incendios forestais... xestionando a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas...

FAGO SABER:

QUE OS TITULARES DAS FINCAS DESTE CONCELLO, DEBEN PROCEDER Á LIMPEZA DAS MESMAS, TAL E COMO REGULA NA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIAS DAS PLANTACIONES E XESTION DA BIOMASA DO CONCELLO DE PARADELA E NA LEI 3/2007, CO FIN DE EVITAR AO MÁXIMO O RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS E DAR CUMPRIMENTO AO ESTABLECIDO POLA LEXISLACIÓN VIXENTE NA MATERIA.

O ALCALDE,

Concello de Paradelá

Rua Cabaleiros de Santiago, 15. PARADELA. 27011 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@edificais